



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A RECOÑECER, PRESERVAR E DOTAR ORZAMENTARIAMENTE OS XUZGADOS DE PAZ**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Galicia, os xulgados de paz son un instrumento de xustiza que, cun marcado carácter tradicional e moi propio da nosa comunidade, demostraron ao longo da historia a súa utilidade e eficacia na resolución de conflitos.

Actualmente, os xulgados de paz están presentes na meirande parte dos concellos da provincia e abarcando practicamente todo o territorio de Galicia, converténdose, ao mesmo tempo, nun modelo de xustiza moi propio da nosa Comunidade Autónoma, imprescindible pola súa proximidade e dando servizo a todos os veciños e veciñas, xa que están integrados nos concellos. Os xulgados de paz contan con persoal que coñece os municipios e teñen unha actuación baseada sobre todo na mediación.

Os xulgados de paz constitúen a maior estrutura xudicial e son competentes nos ámbitos civil, penal e do rexistro civil, sendo este último un dos principais servicios que presta, en colaboración cos concellos.

Capítulo aparte nos xulgados de paz, meréceo o seu persoal. O secretario é un funcionario público, designado polo concello, que forma parte do Corpo de Xestión Procesual e Administrativo. As súas funcións inclúen a dirección da oficina xudicial, o exercicio da fe pública xudicial, a formación de autos e



expedientes e o impulso procesual, ademais das súas propias competencias no propio concello, polo que moitas veces vense saturados e desmoralizados.

Coa aplicación da nova lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, os concellos de pequeno tamaño que non son cabeza de partido xudicial verán transformar os seus Xulgados de Paz en Oficinas de Xustiza, o tamén coa posibilidade de facer agrupacións ata chegar aos 7.000 veciños, que máis aló de servizos relacionados coa administración de xustiza, prestan outros servizos aos cidadáns.

Así, estas novas Oficinas poderán favorecer o principio de inmediación en diferentes actuacións xudiciais coa utilización de ferramentas como a videoconferencia, que permitirán conectar á cidadanía de calquera territorio -en especial, das áreas con maior despoboamento- con calquera xulgado de España.

As Oficinas poderán facilitar tamén os trámites co Rexistro Civil, serán puntos de acceso ao expediente xudicial, apoiar o sistema de cita previa con xulgados e Xerencias Territoriais, conectar cos Colexios de Avogados, practicar actos de comunicación procesual, previstas na estratexia de Xustiza 2030, e conectar coas Oficinas de Atención ás Vítimas do delito.

Pero a nova lei non ven dotada da partida orzamentaria correspondente, facendo que estas novas funcións sexan asumidas tanto polos concellos como pola Xunta de Galicia, repercutindo na súa maltreita economía, facéndolle asumir novas competencias.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. O Pleno da Deputación de Ourense manifesta o seu apoio a labor que realizan os xuíces e secretarios dos xulgados de paz de forma eficiente e eficaz en favor da proximidade da xustiza ao territorio e as persoas, coas súas funcións na resolución dos conflitos, Rexistro Civil, etc.
2. Instar ao Goberno de España a promover a modificación da Lei Orgánica de Eficiencia Organizativa do Servizo Público de Xustiza para devolver aos xuíces de paz a intervención na celebración de matrimonios e manter todos os servizos, dotándoa da partida orzamentaria correspondente para desenvolver as súas funcións.
3. Instar ao Goberno de España a simplificar o proceso instaurado actualmente que supón unha carga de traballo moito maior para os secretarios de xulgado de Paz, que na maioría son persoal propio das administracións, lastrados as labores que viña levando a cabo ata o momento sen ver a súa retribución mellorada a pesar de asumir maiores competencias.
4. Instar ao Goberno de España a impartir unha formación exhaustiva e completa in situ sobre o programa DICIREG, que se instalou para toda a administración de xustiza e o que todos temos que adaptarnos, dado que é especialmente complicado nas Oficinas colaboradoras - que así é como se chaman agora – xa que non poden ir ao ritmo do persoal de Xustiza, o compartir funcións coas propias do concello.
5. Instar ao Goberno de España a aumentar as retribucións dos secretarios de xulgado de Paz, tendo en conta a carga de traballo e maior responsabilidade.



DEPUTACIÓN
DE OURENSE

Ourense, 15 de maio de 2025.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE